



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

Mónica Freire Dosil en calidade de secretaria do Concello de Muros,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2. Asuntos económicos/contratación:

c) Aprobación do expediente de contratación da subministración da “Mellora das da eficiencia enerxética da iluminación pública na estrada AC550 tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros” (Exp. núm.: 2024/C005/000005)

Visto que mediante memoria efectuada pola Alcaldía do Concello de Muros 29 de agosto de 2024, detectouse a necesidade de realizar a contratación do subministro para a “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público na estrada AC-550, tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros”.

Visto que consta no expediente informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente así como emisión da retención de crédito correspondente.

Visto que emitiuse pola Secretaría informe de procedemento sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato e demais aspectos previstos normativamente.

Visto o informe proposta favorable de Secretaría e o informe de fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

En base a todo o anterior, a Xunta de Goberno Local do Concello de Muros adopta, por unanimidade dos membros presentes, os seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do contrato de subministro “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público na estrada AC-550, tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros” financiada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do Fondo de Compensación Ambiental 2024.

SEGUNDO. Aprobar o gasto por importe do orzamento de licitación, 48.370,62 euros, IVE incluído, con cargo ao saldo de créditos retidos da aplicación orzamentaria 2024/170/61900 do estado de gastos do Orzamento municipal do 2021, prorrogado, no RC 220240004997.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas técnicas particulares da actuación de “Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público na estrada AC-550, tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros, elaborado polo arquitecto técnico municipal D. José Antonio Abeijón Muñiz e aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que constan no expediente.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante.

Presidencia da mesa:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 A Coruña
T. +34 981 826 050

- *Presidencia: Concelleira delegada de obras e servizos, promoción económica e festexos, participación cidadá e relacións veciñais, ensino e lingua, Laura Eiras Rivadeneira.*
- *Suplente: Concelleiro delegado de persoal e servizos sociais, Mario Martínez Lago.*

Vogais:

- *A titular da Secretaría municipal, Mónica Freire Dosil, que actuará como vogal xurídico, ou funcionario/a que actúe como secretario/a accidental.*
- *O titular da Intervención municipal, Francisco Abeijón Núñez, que actuará como vogal ou funcionario/a que actúe como interventor/a accidental.*

Secretaría da mesa:

- *José Manuel Mayo Priegue, funcionario de carreira do Concello de Muros.*
- *Suplente: María Noelia Louro Louro, funcionaria do Concello de Muros.*

SÉTIMO. Facultar á alcaldesa do Concello de Muros para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que así conste, coa excepción do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, ao non terse aprobada a acta e, por tanto, a reserva dos termos que resulten da aprobación correspondente, expido este certificado da orde e co visto e praxe da alcaldesa dona María Lago Lestón na data da sinatura dixital.

Documento asinado electronicamente.